



## «Rodar aquí nos da un descanso y los días libres hacemos rutas»

► O xefe de produción do thriller 'Rapa', orixinal de Movistar +, José Salgueiro, relata como é o planning da rodaxe da premiada serie

**NOELIA PAZ**

XOVE. José Salgueiro é o xefe de produción na rodaxe do thriller 'Rapa'. A serie producida por Portocabo, orixinal de Movistar +, encara a terceira tempada. Este é un thriller rural protagonizado por Javier Cámara e Mónica López, ademais do elenco galego como Carlos Blanco e Federico Pérez Rey. Nesta ocasión un dos emprazamentos seleccionados onde se desenvolve a trama é na localidade mariñá de Xove, concretamente, cerca da costa onde se sitúa a praia de Esteiro e Muiñero. «Estaremos aquí desde el miércoles 13 hasta el 3 de octubre. En total el rodaje durará aproximadamente tres semanas», explicou o produtor. Entre os dous inmóbeis, o equipo divide o set de gravación e máis as disposicións encargadas de dar todo tipo de servizos para facer posible a produción e máis a adaptación a todo tipo de horarios e necesidades ao set e máis aos actores que participan na realización da tempada que dará final á historia de 'Rapa'. «Los horarios varían dependiendo del planning. Por ejemplo, la semana pasada rodamos de noche y, ahora, nos quedan jornadas diurnas o, quizá nos meteremos algo en la noche, cada día, pero estamos de diez y cuarto a ocho y media y, poco a poco, le iremos ganando un poco más a la noche y el viernes terminaremos a las doce de la noche», estimaba Salgueiro.

A rodaxe leva xa seis semanas. Para o xefe de produción, a fluctuación de incesantes localizacións poden ser «cansadas», pero o emprazamento xovense está dándolles un respiro a todos os traballadores da exitosa serie. «Nos trasladábase de localizacións frecuentemente, aunque estaba todo en Ferrol, agora al tener todo máis centralizado, llegar a la noche y ubicarnos en el mismo sitio es un pequeño gusto para todo el equipo de



Imaxes do lugar de gravación do thriller en Xove. J. M. ALVEZ

trabajo. Además estamos en un sitio precioso y merece la pena disfrutarlo», confesa. Parece ser que a moita da xente que conforma o equipo lles gusta extender dito pracer cara aos días libres da fin de semana para coñecer mellor a zona: «Mucha gente aprovechó para quedarse durante el fin de semana y, me consta que muchos hicieron rutas. Entre ellos, me incluyo yo. También se fueron a conocer las playas, si el tiempo acompaña y también probar el tapeo y, en general, todo muy bien», relata.

Por outra parte, hai outros que prefiren desprazarse aos seus lugares de orixe: A Coruña, Santiago ou Vigo son algunhas das cidades de procedencia. «Hai un poco de todo».

**CÁTERING.** Enfronte á casa onde se dispón a gravación, sitúase unha vivenda onde teñen os diferentes servizos de comida, maquillaxe e descanso a equipo e actores. «Somos como 60 persoas en el equipo, más los actores, etcétera... Así que decidimos alquilar esta casa enfrente a la del rodaje para servicios. Por ejemplo, detrás de la casa comemos, el catering nos da de comer y de desayunar, ocupamos el galpón para vaciar los camiones con

«Hemos estado grabando de noche la semana pasada y ahora esperan jornadas más diurnas»

toda la mercancía que traemos y las habitaciones de la casa nos sirven para que descansen los actores. Tenemos la oficina, un par de puestitos de maquillaje. Los camerinos principales los tenemos en Vilachá, pero una vez que se preparan se vienen aquí a pasar la jornada en las disposiciones que tenemos instaladas en la vivienda».

**VECIÑOS.** Camións, movemento constante, xente falando por micros dando direccións ou berros de «silencio, rodando» son cousas que os veciños da zona poderían escoitar ou mesmo tentar albis-car.

Porén, segundo Salgueiro os veciños son moi respectuosos coa rodaxe: «Nos han dejado muy tranquilos y no hay ningún problema en cuanto a curiosos. De hecho, avisamos a los vecinos de la zona. La llegada siempre es un poco llamativa, y más con los cuatro camiones que tenemos, pero sin problema».



Nuno, Clara e María, de Grande Amore. AIGI BOOGA

## AULA DE CAPACITACIÓN DIXITAL

O IES de Foz oferta para este curso unha **AULA DE CAPACITACIÓN DIXITAL** para facilitar o acceso aos medios dixitais de toda a poboación.

Ofreceranse cursos para adquirir coñecementos dixitais básicos.

Aquelas persoas interesadas poden solicitar información no IES de Foz.

- Solicitud de citas previas (Sergas, Facenda...)
- Obtención de certificados
- Búsqueda de información
- Comunicación con entidades financeiras
- Seguridade nas redes
- Compra online
- Certificado dixital / Autofirma / Chave365
- Comunicación: correo electrónico, videoconferencia, redes sociais...

## IES DE FOZ

Rúa Castelao s/n  
27780 Foz-Lugo

[www.edu.xunta.gal/centros/iesfoz](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfoz)

982 87 02 87

[ies.foz@edu.xunta.es](mailto:ies.foz@edu.xunta.es)

@bibliotecaiesfoz

@iesdefoz